

O idioma como aposta empresarial

XII Encontros para a Normalización Lingüística

Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela
setembro 2010

para **R** o uso do galego **non é unha estratexia de mercado** senón un trazo máis do seu **xeito de ser** que convive con naturalidade co resto dos sinais da súa identidade

a importancia da identidade

“é máis importante o que eres que o que vendes”

Dende o comezo da nosa andaina, en **R** preguntámonos **quen eramos**, que nos diferenciaba dos demais. O mercado das telecomunicacións estivera ata ese momento copado polo entón monopolio de Telefónica, así que había que convencer con algo profundo, auténtico, algo que calase de verdade na xente. E nese contorno, a **identidade galega** foi a nosa aposta primeira. Tratábase de vencellar a marca a eses valores que camiñan parellos á identidade por enriba do produto.

Apostamos pola tecnoloxía máis avanzada que existe, a **fibra óptica**, e chegamos con ela ao mercado galego levándoa ata o edificio (FTTB/ “fibber to the building”). Pero facía falta algo máis que o meramente tecnolóxico porque os demais tamén ofrecían moitas cousas. **Non abundaba**. Daquela era imprescindible diferenciarse (coma segue a selo agora) e por fortuna nós mesmos tiñamos a resposta nun xeito de ser. No noso xeito de ser galegos: forza, iniciativa e decisión ante a adversidade. Tamén buscamos un nome que nos distinguise do resto. E naceu **R**.

a identidade da empresa, o seu valor engadido e diferencial **gañaralle sempre a partida á mellor das campañas publicitarias**.

o galego na empresa, o galego en R

O idioma galego en **R** forma parte da marca dun xeito natural. Pois seguimos pensando que cómpre apostar **polo propio a todos os niveis**, crer no que nos une aos de aquí e nos diferencia do resto, confiar na forza que temos para sacar adiante os nosos propios proxectos e, sobre todo, querer lle dar a Galicia o mellor e estar orgullosos dela. A lingua é, sen dúbida, un deses sinais que nos vencella entre nós e coa terra, que nos enriquece e distingue dos demais, que nos identifica fóra e que lle achega un valor engadido a todo o que facemos. Por iso a aposta de **R** por Galicia e polo galego é permanente e incuestionable.

Pero a situación do **idioma na empresa** esixe deterse un momento. Así como o contorno da cultura non ten cancelas para lle dar acubillo á lingua, para mimala e

coidala como merece, non adoita ocorrer o mesmo no eido empresarial, un mundo tradicionalmente máis vencellado aos números e ás vendas que a facer país ou a tecer riqueza e cultura de maneira desinteresada.

Con arroxio, profesionalidade e ilusión comezamos o noso proxecto cando ninguén cría en construír novas redes de telecomunicacións, e moito menos nunha terra como Galicia. **R** naceu convencida do potencial económico da nosa comunidade e das posibilidades da sociedade galega para lograr unha meta tan ambiciosa coma a de despregar unha rede propia de fibra óptica por todo o territorio autonómico. Naceu en Galicia e para Galicia, de aí a súa **aposta permanente polo idioma galego**, malia que consciente da necesidade de optar, en ocasións, por outras linguas, pois a empresa, como tal, ten un carácter universal e debe **convivir con idiomas diferentes** dependendo do contorno e das circunstancias. Non podemos esquecer, de feito, que **R é precisamente iso, unha empresa**, que vive e seguirá vivindo –como todas as empresas do mundo- sempre que os resultados comerciais sexan bos, sempre que os clientes estean satisfeitos co servizo que lles ofrecemos. Estas realidades determinan moitas das decisións que tomamos, como é lóxico. E por iso somos conscientes, ás veces, das nosas limitacións neste empeño por seguir defendendo a lingua galega; pero de verdade que o esforzo por superar escollos é cotián e paga a pena.

Sementar o camiño para a **integración plena do galego en todos os ámbitos** (social, político, económico, cultural...) non pode ser a tarefa illada dun so sector senón un traballo conxunto de todos eles. O galego na empresa ten que seguir avanzando e unha das maneiras de conseguilo é incorporalo **con naturalidade** ás comunicacións empresariais, sen traumas nin aspaventos, sen facer disto un acontecemento especial, respectando ocos para outras linguas e insistindo nas **posibilidades do idioma para absolutamente todo tipo de comunicacións**, accións publicitarias e reclamos empresariais.

o que facemos, o que logramos... o que somos

publicidade R/ rotulación interna/web R/ intranet corporativa e blog quecheparece.com/
revista R/ a factura, o contrato e todo tipo de comunicacións para clientes/ Centro de
Atención ao Cliente/ visitas guiadas/ artigos e colaboracións xornalísticas/ subvencións da
Xunta de Galicia/ premios/ Plan de Normalización Lingüística/ colaboración coa Fundación
Galicia Empresa... e máis

R defende, dende a súa creación, o uso do galego como idioma de relación fundamental cos seus clientes e coa poboación de Galicia en xeral e tamén como sinal de **identidade intimamente ligada á marca e aos valores de innovación e desenvolvemento de Galicia**

